



Pilo Gallizo

**RETRATOS  
SOBRE  
FONDO  
NEGRO**

**13 - 26 de octubre**

**Fundación Eugenio Granell**

Praza do Toural, 8 · Santiago de Compostela

O día **13 de outubro, Día Mundial da Visión**, ás 19,30 h., na Fundación Eugenio Granell, a Concellería de Políticas Sociais, diversidade e saúde, do Concello de Santiago, en colaboración coa Asociación Tiresias Galicia, discapacidade visual: B1+B2+B3, organiza un acto de sensibilización e visibilización da discapacidade visual, que contará coa presenza de personalidades de prestixio, na loita contra a cegueira como son: o **Dr. Francisco Gómez-Ulla**, Xefe do Servizo de Oftalmoloxía do CHUS e director do Instituto Oftalmolóxico Gómez-Ulla; **D. Arturo Parrado Puente**, Director Xeral de Inclusión Social, da Consellería de Política Social, da Xunta de Galicia; **Dna. Concepción Fernández Fernández** Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, do Concello de Santiago e **Dna. Lourdes Díaz Sánchez**, presidenta da Asociación Tiresias Galicia, discapacidade visual: B1+B2+B3. O punto central do acto será a inauguración dun proxecto fotográfico de superación persoal dunha persoa con discapacidade visual, Retratos Sobre Fondo Negro, da que es autora **Pilo Gallizo**, que nos relatará a súa experiencia persoal.

Pecharán o acto **Lois Pérez**, narrador oral e escritor e **Uxía**, unha das mellores voces do noso país.

## RETRATOS SOBRE FONDO NEGRO

Este traballo de retratos é un proxecto de superación persoal no que a autora fotografía á xente que quere. Trátase dun plan, produto dunha serie de visitas que tivo na súa casa como consecuencia dun período de convalecencia dunha enfermidade, levado a cabo nun ano. Montou un pequeno estudio e decidiu retratar a todos aqueles que foron vela.

Trátase dunha homenaxe á xente corrente e á Fotografía como ferramenta de transformación persoal e social. Estas fotografías falan dun momento, dunha situación, dunhas emocións, un recordo. A súa vida atópase ligada a estas persoas, protagonistas destas imaxes e compartípedese dese momento inesquecível.

Os muros dos nosos medos sóbense polos chanzos dos nosos soños, vexámoslo ou non.

